



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A REHABILITACIÓN E EQUIPAMENTO DOS LOCAIS DO XULGADO DE PAZ.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído, a través do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica, o exercicio das competencias en materia de xustiza, recollidas no artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que ten atribuídas.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o financiamento do funcionamento da xustiza de paz, en base á relevancia do servizo fundamental prestado nesas instalacións, xa que a Administración de xustiza, e polo tanto os medios materiais e instrumentais cos que conta, é unha prioridade para a Xunta de Galicia.

Antecedentes: Polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, asumíronse as funcións transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, asignada na actualidade á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial concibe aos Xulgados de Paz como órganos incardinados no ámbito do municipio, cuxos titulares son elixidos polo Pleno do Concello. Por esta razón, a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial establece a tradicional colaboración dos municipios no mantemento dos medios persoais e materiais dos devanditos órganos, establecendo o soporte económico do Estado, ou, no seu caso, das Comunidades Autónomas, directamente ou por medio de subvencións.

Así, o artigo 51 da citada Lei 38/1988 establece que nos Xulgados de Paz prestarase servizo por persoal dependente do Concello, pero que nos que teñan unha poboación de máis de 7.000 habitantes, e naqueloutros Xulgados de Paz nos que a carga de traballo o xustifique prestarán servizo funcionarios dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza. Ademais establece que as instalacións e medios instrumentais





do Xulgado de Paz estarán a cargo do Concello respectivo, salvo cando fora conveniente a súa xestión total ou parcial polo Ministerio de Xustiza ou a Comunidade Autónoma respectiva.

O Xulgado de Paz de Ponteceso, que presta servizo á poboación dese concello, está atendido por funcionarios da Administración de xustiza. A xestión dese persoal é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no xa mencionado Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza.

En base ao recollido no artigo 51 da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, que tamén establece a Lei Orgánica 6/1985, a Comunidade Autónoma de Galicia está a asumir directamente e de modo progresivo os gastos de funcionamento dos xulgados de paz, ademais dos gastos de persoal, tamén ten asumidos os gastos de informatización dos rexistros civís, os gastos en material e de equipamento das oficinas e, nalgúns casos, tamén os gastos de mantemento e limpeza das instalacións, e os gastos de comunicacións telefónicas e telemáticas e de iluminación, sempre amparándose no establecido nas citadas Lei orgánica 6/1985 e Lei 38/1988, ao considerar que a súa xestión é conveniente que sexa asumida pola Comunidade Autónoma, en base á relevancia do servizo fundamental prestado nesas instalacións, xa que a Administración de xustiza, e polo tanto os medios materiais e instrumentais cos que conta, é unha prioridade para a Xunta de Galicia.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso asinaron o 4 de novembro de 2020 un convenio cuxa finalidade era instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso para o financiamento da rehabilitación e adquisición do equipamento preciso para que as dependencias do Xulgado de Paz de Ponteceso sexan adecuadas para o desempeño das funcións que ten encomendadas. O Concello comunicou en data 19 de xaneiro de 2021 que, debido a escaseza de tempo para realizar as obras de rehabilitación das instalacións, non podía cumprir co obxecto do convenio en prazo e forma, polo que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo resolveu en data 24 de xaneiro de 2021 a perda do dereito do Concello de Ponteceso ao cobramento da subvención.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Ponteceso o instrumento convencional para a rehabilitación e dotación de equipamento nas oficinas que o concello ten destinadas á sede do Xulgado de paz.





O convenio ten por obxecto subvencionar ao Concello de Ponteceso, para a rehabilitación e adquisición do mobiliario e demais enseres precisos para o funcionamento do Xulgado de paz.

O instrumento convencional que se pretende formalizar **fundaméntase** no seguinte:

- A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial que concibe aos Xulgados de Paz como órganos incardinados no ámbito do municipio, cuxos titulares son elixidos polo Pleno do Concello
- A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial que establece a tradicional colaboración dos municipios no mantemento dos medios persoais e materiais dos xulgados de paz, establecendo o soporte económico do Estado, ou, no seu caso, das Comunidades Autónomas, directamente ou por medio de subvencións. Polo Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, foron traspasadas as funcións da Administración do estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza
- En base ao recollido no artigo 51 da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, que tamén establece a Lei Orgánica 6/1985, a Comunidade Autónoma de Galicia está a asumir directamente e de modo progresivo os gastos de funcionamento dos xulgados de paz.

Financiamento: Co fin financiar a rehabilitación e adquisición do equipamento preciso para as dependencias do Xulgado de Paz de Ponteceso, de modo que dispoña dunha instalacións adecuadas para o desempeño das funcións que ten encomendadas, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo financiará ao Concello de Ponteceso ata un máximo de dez mil euros (10.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.761.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela,

Juan José Martín Álvarez

Director xeral de Xustiza

